

A RODA

Ao longo da Historia, os seres humanos foron quen de descubrir e inventar diversos obxectos e máquinas que facilitaron as tarefas que realizaban, entre elas, a roda.

A roda é unha máquina simple. Tén unha forma circular que xira ao redor dun eixe central. É un dos inventos máis importantes que se produciron ata os nosos días, posto que na actualidade a maioría das máquinas conteñen a presenza da roda ou un compoñente de forma circular que se move arredor dun eixe.

Aínda que hai poucas evidencias sobre cando se construíu a primeira roda, considérase que este acontecemento ocorreu aproximadamente entre finais do Neolítico e o comezo da Idade dos Metais, en torno ao ano 5.000 a.C.

A pesar de que non se sabe con certeza, existe a hipótese de que os seres humanos puideron inspirarse no movemento dos troncos das árbores que cortaban e empregaban para mover obxectos pesados.

Este invento, desde que xurdiu, sufriu unha gran evolución. Durante a Prehistoria (desde a súa aparición ata a época do Imperio Romano) a roda foise perfeccionando.

As primeiras rodas utilizáronse para moer os cereais que os seres humanos cultivaban. Eran de pedra e tallábanse ata que adquirían a forma dun disco plano. Podían movelas tanto as persoas (cunha bara) coma os animais do gando e supuxo unha mellora na vida das persoas porque permitiu moer maiores cantidades de gran.

Tamén se construíron con rodas os tornos para os artesáns. Neste caso, facíanse dúas rodas de madeira, unha grande que se colocaba no chan e outra máis pequena, que quedaba colocada á altura da cintura, unidas mediante un eixe. Os artesáns facían xirar a roda grande co pé e, polo tanto, tamén a pequena. Este avance permitiu que puideran fabricar obxectos de cerámica con máis facilidade e máis rapidamente.

Por último, as rodas de madeira foron empregada para construír carros. Estes facilitaron o proceso de agricultura mediante o uso do arado así como o transporte de mercadorías e persoas. Polo tanto, supuxo a aparición das rutas para comerciar e facilitou os desprazamentos de poboacións.

Unha vez rematada a Prehistoria, a roda continuou empregándose e inspirou a aparición de moitos outros inventos, desde os timóns dos barcos e muíños de auga e vento ata os coches ou os cortador de pizza.



Roda de madeira dun carro



Muíño de pedra

A RODA

Que tipo de máquina é a roda?
Explica como é.

En que etapa foi inventada a roda?

Por que é un dos inventos máis importantes de toda a Historia?

Que é unha hipótese? Cal é hipótese sobre o que inspirou a invención da roda?

Que é un arado? En que etapa da Prehistoria comezou a usarse?

Que materiais se usaron no pasado para fabricar rodas? E na actualidade?

Antes da aparición do torno, como cres que facían os artesáns as pezas de cerámica?

Busca cinco obxectos que teñas na casa que conteñan unha roda ou cuxo mecanismo imite o movemento da roda. Escribe os seus nomes e os materiais cos que están feitas.

Para a roda de pedra, buscaban os seres humanos rochas que tiveran a forma que necesitaban?